

4 Utiliza a información do texto para completar os rótulos do debuxo:


«A sardiña é un vertebrado do grupo dos peixes.

Ten o corpo cuberto de escamas. Na súa cabeza destacan os seus ollos e a boca no extremo.

Detrás de cada ollo encóntranse dúas placas duras, chamadas galadas. Baixo as galadas, ben protexidas, están as branquias, que o peixe utiliza para respirar na auga.

No seu tronco ten varias aletas (a da cola chámase aleta caudal), e nos costados, un órgano chamado liña lateral que detecta vibracións na auga.

A sardiña é ovípara».



5 Utiliza a información do texto para completar os rótulos do debuxo:

«A ra común é un vertebrado do grupo dos anfibios.

Na súa cabeza, que carece de colo, destacan os seus ollos saltóns, as aberturas dos oídos e os orificios nasais. A súa boca é grande e ten unha lingua pegañenta que lle serve para atrapar as súas presas.

Ten catro patas; coas traseiras, que son máis grandes e teñen membranas entre os dedos, pode saltar e nadar. Carece de cola.

Aínda que respira por pulmóns, a ra tamén pode tomar osíxeno da auga a través da súa fina pel núa.

A ra é ovípara».

